

marzo



opinión dunha traballadora

Nº 25 | Marzo de 2009 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

REFLEXIÓN DUNHA TRABALLADORA, QUE NON DUNHA POLÍTICA

Transcribimos a continuación a opinión dunha persoa que contactou co colexio para reflectir o punto de vista das persoas que traballan actualmente nos centros de día do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Recibida o 8 de marzo de 2009:

Dende que comezaron as campañas políticas para o Parlamento Galego, o persoal do Consorcio Galego, fago referencia aos centros para maiores, foi atacado vilmente por políticos e medios de comunicación de masas.

Logo de todo o sucedido creo oportuno poñerme en contacto con vostedes para polo menos desaforar a miña indignación ante tan imprudentes ataques, nos que se lanzaron azoutes de críticas a xente que estamos traballando dende hai anos por e para os nosos maiores.

O traballo coa terceira idade xa é duro de seu, tratamos casos de diversas problemáticas, enfrontámonos día a día á despedida de PERSOAS, intervimos en situacións de crise que embargan as nosas emocións e moitas veces as dos que nos rodean, pero... tamén é certo que vivimos coa sensación de estar facendo algo de valor, de estar realizando un labor moi recompensante no día a día, moitas veces ata polo único pago dun SORRISO, ¿PARÉCELLES POUCO?

Pois ben, estou falando do que nos move interiormente a seguir adiante malia os salarios irrisorios aos que ata agora podemos acceder, a 800 míseros euros que cobra un/unha titulado/a medio/a por unha xornada completa (un/unha fisioterapeuta, un/unha traballador/a social, un/unha terapeuta ocupacional, un/unha enfermeiro/a) por exercer un traballo de gran responsabilidade, en horarios que nada teñen que ver co de moitos funcionarios públicos, e ata en numerosas ocasións en xornadas semanais de 10, 12 horas... evidentemente aínda peor remuneradas pero así fixadas polo convenio de centros de atención a persoas maiores.

Cando nos presentamos a ese famoso concurso oposición, tan criticado dende hai uns meses, moita xente non quixo apostar polo traballo con maiores, non estaba disposta a deixar postos estables noutros sectores moito mellor pagados, por vir traballar nunha emergente rede de centros públicos de maiores. Mentres outros decidimos seguir apostando por esa emoción que día a día fai loitar por unha mellor atención aos nosos anciáns, loitar por eses SORRISOS.

Pasamos un proceso selectivo por concurso oposición para conseguir unha praza de laboral temporal, no que primeiro fixemos un exame teórico e logo unha entrevista práctica, onde un tribunal composto por persoal dos concellos, delegacións provinciais e consorcio, avaliaron a nosa capacidade resolutiva e de resposta. Por outra banda, puntuouse a nosa experiencia, formación, especialización... a través dun concurso de méritos.

Que dicir ten, que desta selección saímos profesionais que levabamos traballando moito tempo e en condicións moi precarias (pero no que nos gusta) e o mellor de todo é que fomos capaces de montar unha rede de centros en Galicia, fomos capaces de dar unha alta calidade de coidados a este colectivo, feito que á vista está en todas e cada unha das enquisas anónimas de satisfacción realizadas aos nosos usuarios (maiores, familiares, coidadores formais e informais...) **Realmente cren vostedes que isto seríamos capaces de facelo, de sentilo, de vivilo se as nosas prazas non las desen simplemente por amiguismo?** Eu creo que non, e non só iso, senón que logo de dez anos traballando nisto teño moi claro que para traballar con maiores non abonda cun salario, fai falta vocación, ilusión, esforzo, é necesario entenrecerse coa profundidade de miradas engurradas polos anos, gañas de dar o que moitas veces a familia por si soa non consegue... Moita xente pregúntame se non preferiría traballar con nenos, din que son máis alegres, e que dan máis vida... asegúrovos que nada me alegra máis que a mirada de alguén que malia non ser capaz de recordarte sorrirte asociándote a algo positivo, nada me dá máis vida que os anos vividos, as experiencias, a sabedoría que moitas veces esquecemos que eles teñen. **Vostedes cren que sería capaz de sentir isto, exercendo un traballo regalado?**

O Consorcio ofreceunos a posibilidade de mellorar na nosa situación laboral, ofreceunos máis recursos, podemos opinar acerca do que críamos mellor para os nosos maiores, déronnos voz, permitíronnos duplicar esforzos vetados na privada por optimización de medios económicos.

Eu quero que me coiden como estamos coidando, asegúrolllo. Non quero que me aparquen nunha esquina, que me dean de comer, que me asean con caras longas e de noxo, e que me digan que estou ben coidada. Quero que me ofrezan un medio de interacción, que collan á miña familia da man para amortecer o peso dos meus coidados, que me transmitan alegría e satisfacción, quero sentirme querida na miña vellez.

O que se pretende facer agora é modificar todo isto, tiralo ao chan e pisotealo, por iso decidín redactar estas liñas, deixémonos de políticas, de intereses privados e admitamos o traballo ben feito permitindo que se continúe camiñando. Chámenlle Consorcio ou chámenlle o que queiran, pero que nos permitan traballar en condicións dignas por aquilo que nos gusta, que é atender a MAIORES e loitar día a día por un deses **SORRISOS, ¿que máis ten a ideoloxía política en todo isto??**

Unha persoa

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">▫ Convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria, que terá lugar o día 24 de abril no MUPEGA (Museo Pedagóxico de Galicia) en Santiago de Compostela, ás 17:00 en primeira convocatoria e 17:30 en segunda.▫ Asistencia a unha reunión da Comisión interdisciplinar de Educación Familiar do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que tivo lugar o día 17 de marzo en Santiago de Compostela. Asistiu Sofía Riveiro, Vogal do CEESG.▫ Envío de escrito a Alberto Núñez Feijóo, felicitándoo pola victoria electoral do seu partido e polo seu novo cargo como Presidente da Xunta de Galicia. No mesmo, poñémonos a disposición do novo Goberno para a colaboración no deseño das políticas sociais. | <ul style="list-style-type: none">▫ Envío de achegas á Dirección Xeral de Formación e Colocación en relación ás cualificacións profesionais de <i>Programación e desenvolvemento de accións culturais e Promoción e intervención educativa con persoas con discapacidade</i>, que pasarán a formar parte do Catálogo Nacional de Cualificacións.▫ Envío de correccións e observacións ás bases da convocatoria dun posto de Educador/a Familiar, remitidas polo concello de Cedeira previamente á súa aprobación.▫ Asistencia ao acto conmemorativo do <i>Día do Traballo Social</i>, organizado polo Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social o día 27 de marzo en Santiago de Compostela. Asistiu Sofía Riveiro, Vogal do CEESG. |
|---|--|

ALGUNHAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG:

- “Revista de Estudos de Juventud” N° 56. Monográfico: Jóvenes y transiciones a la vida adulta en Europa. Marzo 2002. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Juventud.
- “Revista de Estudos de Juventud” N° 58. Monográfico: Emancipación y Familia. Septiembre 2002. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Juventud.
- “Revista Galega do Ensino” n° 4. Maio 1994. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- “Revista Galega do Ensino” n° 5. Novembro 1994. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- MIGALLÓN LOPEZOSA, P. e VORIA, A. (2006): *Guía práctica para la intervención grupal con mujeres privadas de libertad. Programa de intervención en salud desde un enfoque de género*. Instituto de la Mujer.
- SOLSONA I PAIRÓ, N. (2008): *La actividad científica en la cocina. Educación primaria. Serie de cuadernos de educación no sexista n° 12*. Instituto de la Mujer.
- SOLSONA I PAIRÓ, N. (2002): *La química de la cocina. Propuesta didáctica para educación secundaria. Serie de cuadernos de educación sexista n° 13*. Instituto de la Mujer.
- MARTÍN MARÍA, B., FDEZ. DOYAGUE, A. e CHATO FRANCO, M. (2006): *Defiende tus derechos. Guía práctica para mujeres maltratadas*. Instituto de la Mujer y Asociación de Mujeres Juristas Themis.
- ORTEGA ESTEBAN, J. (COORD.) (2002): *Nuevos retos de la pedagogía social: la formación del profesorado*. Sociedad Ibérica de Pedagogía Social.
- SEMINARIO PERMANENTE DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE (2001) *Cómo tomar decisiones sobre o teu futuro. Guía de orientación vivencial para o alumnado adolescente*. Servicio Galego de Igualdade.

ARTIGO DE INTERESE: Comunicado sobre os servizos sociais

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia aposta por un sistema público de servizos sociais, pola profesionalización e a calidade dos mesmos, e así o queremos poñer de manifesto. Neste sentido, estase elaborando unha declaración conxunta co Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social de Galicia.

Nesa declaración, que estará a disposición de calquera persoa na nosa páxina web (sección Actuacións/ Comunicados), afirmamos a necesidade de seguir camiñando na consolidación do dereito universal ao benestar social, sen retroceder un só paso.

Confiamos en que os/as novos/as responsables políticos/as compartan esta mesma visión. Por iso, avogamos por un diálogo permanente e coordinación co novo goberno, en tanto en canto os servizos sociais precisan dun posicionamento plural, comunitario e claro para facer fronte á situación que estamos a vivir nestes momentos de crise mundial, atendendo sobre todo a manter os servizos mínimos e a amplialos, na medida do posible, de cara a retos e fitos importantes na nosa sociedade do benestar.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

EMPREGO

Concello de Miño (A Coruña): Oferta de emprego público 2009. Unha praza de Técnico Sociocultural. BOP 18/03/09

Concello de Sada (A Coruña): Bases que han rexer a elaboración dunha listaxe para a contratación laboral temporal de Monitores de Actividades de Tempo Libre. BOP 20/03/09

Deputación provincial de Pontevedra: Bases específicas para catro postos de Técnico Auxiliar Gabinete Didáctico. BOP 20/03/09

OUTROS

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo. DOG 03/03/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais. DOG 04/03/09

Comunidade Autónoma de Extremadura: Lei 1/2009, de 18 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Extremadura. BOE 06/03/09

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se convocan axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos durante o ano 2009. DOG 09/03/09

Consellería de M. Ambiente e Dto. Sostible: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro, para facilitar a súa participación en materia ambiental. DOG 09/03/09

Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: Resolución pola que se convocan axudas de convocatoria aberta e permanente para actividades de cooperación e axuda ao desenvolvemento. BOE 11/03/09

Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación: Resolución pola que se convocan subvencións ás Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento para a realización de proxectos de cooperación para o desenvolvemento. BOE 11/03/09. Corrección de erros no BOE 24/03/09

Ministerio de Educación, Política Social e Deporte: Orde pola que se crea a Comisión de Seguimento para a Axenda Política da Discapacidade e Promoción da Autonomía Persoal. BOE 13/03/09

Deputación de Ourense: Bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2009. BOP 16/03/09

Ministerio de Administracións Públicas: Resolución pola que se convoca a concesión de axudas de atención social a maiores e outros colectivos específicos. BOE 16/03/09

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller: Resolución pola que se regulan as bases e o procedemento para a concesión das indemnizacións, de pagamento único, a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas por esta. DOG 16/03/09. Corrección de erros no DOG 20/03/09

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo. DOG 17/03/09. Corrección de erros no DOG 31/03/09

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller: Resolución pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. DOG 24/03/09

Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación: Orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas e subvencións para a realización de actividades dirixidas á divulgación, promoción e defensa dos dereitos humanos. BOE 24/03/09

Xefatura do estado: Lei 1/2009, de 25 de marzo, de reforma da Lei de 8 de xuño de 1957, sobre o Rexistro Civil, en materia de incapacitacións, cargos tutelares e administradores de patrimonios protexidos, e da Lei 41/2003, de 18 de novembro, sobre protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código Civil, da Lei de Xuizamento Civil da normativa tributaria con esta finalidade. BOE 26/03/09

Servizo Galego de Promoción Da Igualdade do Home e da Muller: Resolución pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria. BOE 27/03/09

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se convocan axudas económicas dirixidas ás asociacións e fundacións con fins pedagóxicos e sen ánimo de lucro para a realización de actividades organizadas co alumnado e coas familias. DOG 31/03/09

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo. DOG 31/03/09

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais, dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes. DOG 01/04/09

OUTRAS CONVOCATORIAS

OFERTAS DE  emprego

Posto: Monitor/a de Lecer e Tempo Libre. Realizará xogos e actividades lúdicas con nenas/os de Educación Infantil e Primaria. Necesaria experiencia con grupos de cativos/os, permiso de conducir clase B e vehículo propio. Entre 18 e 35 anos. Horario a convir (xornada completa ou parcial) **Localidade:** Melide (A Coruña) **Nº Oferta:** 970841

Posto: Monitor/a de Lecer e Tempo Libre. Encargarase de vixiar aos cativos/as durante os recreos e no comedor. Necesario título de Monitor/a de Ocio e Tempo Libre, carné de Manipulador/a de Alimentos e experiencia con nenos/as, ademais de permiso de conducir clase B e vehículo propio. Entre 18 e 35 anos. Horario de 13:25 a 15:30. **Localidade:** A Estrada. Zona de Oca (Pontevedra). **Nº Oferta:** 970838

CONTACTO: www.cimoemprego.com O Portal Galego do Emprego ou chamando ao 988391525 / 902116039 (Telemprego CIMO)